

## **A COVA DO CAN**

Contan no meu pobo que nun lugar, non sei moi ben, no medio do monte, hai unha cova. Moitos campesiños desapareceron de formas misteriosas, ninguén os volveu a ver. Saían o campo cos seus animais e a facer as súas tarefas, e cando chegaba a noite non regresaban. O pobo comezou a pensar que aquela cova tiña algo que ver con iso, pero nadie se atrevía a falar dese tema. Ata que un día un campesiño que andaba por alí cerca coas súas ovillas decidiu que algo había que facer. Aínda que con moito medo comezou a asomarse a tenebrosa entrada da cova, apenas se oía ningún ruído. Daba medo solo de pensalo. Pouco a pouco foi camiñando, o seu can seguía, non se sabe moi ben que pasaría despois. Eu teño oído falar moitas veces desa cova, aínda que agora non se sabe moi ben dela, xa que está todo cheo de herballos. Tamén se dí que desde aquel día todas as noites a iso das doce se oían os ladridos dun can.

Por iso é que un bo día lle pregunté a miña avoa sobre a historia e foi ela a que me lle puxo fin. Despois de todo aquilo que eu xa sabía, a xente do pobo comezou a inquietarse, todos tiñan medo, pero tamén sabían que iso non podía ficar así. Ninguén se atrevía a ir a cova, máis algo había que facer. Un día de moita choiva a fillo do último pastor que desaparecera decidiu escapar da súa casa e ir na procura de seu pai e de seu can. Encamiñouse cara a cova, medo levaba, pero ía decidido e non ía vir sin unha desposta. Cando estivo na boca da cova case non podía nin tragar a saliva, sabía que el tamén podía quedar alí dentro. A modifio foi entrando, non se escoitaba nada, estaba todo escuro, daba medo de verdade. Cando xa estaba ben adentro, oíu o ladrido do seu can, e intentou seguir aquel sonido, pouco a pouco ía levando o máis profundo da cova. Xa estaba ven lonxe e comezou a ver mover unhas sombras, pero non oía nada máis. Acercouse, e cal foi a súa sorpresa cando pudo entrever a todos aqueles veciños desaparecidos, máis ninguén lle dicía nada. Cheo de valor foi guiando ata a saída, él ía diante co seu can, e todos eles detrás. Cando chegaron a saía da cova xa non chovía, pero nadie dicía nada. Encamiñáronse o pobo, todos se aledaron de ver os seus veciños, pero seguían sen falar. Só se sabe que moito máis non pasou, o valente rapaz salvara os seus amigos, pero eles nunca puideron volver falar, quizais para que non pudieran contar nunca a nadie o tiña acontecido naquel tempo dentro daquela cova.